



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 475
30 de marzo de 2023

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Aprobación sen modificacións

48883 (11/PNC-004179)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para trasladarlles aos grupos do Parlamento Europeo o desacordo do Parlamento de Galicia co feito de que na Unión Europea prevaleza unha visión ecoloxista radical en detrimento dos intereses do sector pesqueiro e das comunidades costeiras

[187454](#)

51317 (11/PNC-004380)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e dez deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que defenda ante as institucións comunitarias o establecemento dun continxente arancelario autónomo de lombos de atún de 55.000 toneladas ao cero por cento do arancel para o próximo período 2024-2026

[187454](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

48014 (11/PNC-004119)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre a demanda que debe facer o Goberno galego ao Goberno do Estado de medidas que faciliten a regularización da frota pesqueira e das competencias en materia de ordenación pesqueira

[187455](#)

Rexeitamento da iniciativa

48008 (11/PNC-004118)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en materia de renovación da frota galega. A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 29 de marzo de 2023, adoptou os seguintes acordos:

[187455](#)



1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

I 51628 (11/PRE-018062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dun protocolo de seguimento de reaccións adversas á aplicación da vacina da lingua azul

[187466](#)

I 51634 (11/PRE-018063)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para dotar de persoal docente o hospital de día de psiquiatría infantoxuvenil do Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo

[187469](#)

I 51638 (11/PRE-018064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a cobertura sanitaria dos galegos pertencentes á Casa de Galicia de Montevideo

[187473](#)

I 51642 (11/PRE-018065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da planificación e funcionamento do transporte interurbano de viaxeiros por estrada en Ribeira

[187475](#)

I 51650 (11/PRE-018066)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre o financiamento das axudas ao talento e á produción para o audiovisual

[187478](#)

I 51659 (11/PRE-018067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para facer un estudo para determinar a situación actual das mulleres no medio rural

[187480](#)

I 51664 (11/PRE-018068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a creación de escolas infantís en contornas laborais

[187485](#)



I 51670 (11/PRE-018069)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa**

Sobre os efectos da entrada en vigor da Lei Ánxeles Alvaríño

[187489](#)**I 51675 (11/PRE-018070)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis**

Sobre a convocatoria de subvencións para embelecer o litoral galego e a ausencia de Dumbría na lista de posibles concellos beneficiarios

[187491](#)**I 51681 (11/PRE-018071)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as previsións de dotar o Centro de Saúde de Quiroga da figura de traballo social

[187494](#)**I 51689 (11/PRE-018072)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para colaborar co Concello de Gondomar e prestar servizo de comedor no Colexio Rural Agrupado de Peitieiros

[187497](#)**I 51697 (11/PRE-018073)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Carreira Pazos, Iria**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a permanencia da Escola de Educación Infantil do Gaioso, en Santiago de Compostela

[187500](#)**I 51705 (11/PRE-018074)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre a situación da sanidade penitenciaria en Galicia, nomeadamente a problemática que xorde no Centro Penitenciario de Teixeiro, en Curtis

[187503](#)**I 51721 (11/PRE-018075)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para facilitar as solicitudes de queima de restos agrícolas e forestais

[187506](#)**I 51727 (11/PRE-018076)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre a xustificación de destinar equipamentos tecnolóxicos pagados con fondos públicos ao Centro Oncolóxico de Galicia

[187511](#)

I 51731 (11/PRE-018077)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre o estado e o control das instalacións e dos servizos que se prestan no fogar residencial de maiores de Taboadela, en Ourense

[187515](#)**I 51737 (11/PRE-018078)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto dos incumprimentos e das irregularidades nos contratos de transporte público por estrada

[187518](#)**I 51746 (11/PRE-018079)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego de elaborar un plan integral para o ensino rural

[187522](#)**I 51751 (11/PRE-018080)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para restablecer a asistencia pediátrica deslocalizada nos centros de saúde de Curtis, Teixeiro, Sobrado e Vilasantar

[187526](#)**I 51761 (11/PRE-018081)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do escenario bancario internacional

[187529](#)**I 51765 (11/PRE-018082)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego da afectación dos murais de Urbano Lugrís do edificio en ruínas da rúa Olmos, na Coruña

[187533](#)**I 51771 (11/PRE-018083)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e 2 máis**

Sobre situación da estrada AC-543 en Urdilde, no concello de Rois

[187536](#)**I 51776 (11/PRE-018084)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego de impulsar unha empresa pública de enerxía

[187539](#)**I 51784 (11/PRE-018085)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do canon eólico, os seus resultados e as previsións no medio prazo

[187543](#)

I 51800 (11/PRE-018086)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre os resultados do programa Rexurbe e as previsións para o ano 2023

[187547](#)**I 51801 (11/PRE-018087)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre os resultados do programa Rexurbe e as previsións para o ano 2023

[187550](#)**I 51812 (11/PRE-018088)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre o estado e o mantemento da estrada AC-543 ao seu paso polo concello de Rois

[187552](#)**I 51820 (11/PRE-018089)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para atender as indicacións do Consello de Contas sobre a derivación a centros privados da tecnoloxía sanitaria doada ao sistema público

[187554](#)**I 51826 (11/PRE-018090)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia**

Sobre o cumprimento e o desenvolvemento que está a facer o Goberno galego da Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia

[187556](#)**I 51851 (11/PRE-018091)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre o cumprimento dos obxectivos de dixitalización da Administración de xustiza previstos no plan Senda 2025

[187560](#)**I 51857 (11/PRE-018092)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre a delegación de competencias da Consellería de Economía, Industria e Innovación noutros órganos

[187563](#)**I 51861 (11/PRE-018093)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da prestación do servizo de salvamento marítimo de Galicia

[187565](#)

I 51867 (11/PRE-018094)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre o aumento da taxa de abandono escolar

[187573](#)**I 51885 (11/PRE-018095)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia

[187576](#)**I 51905 (11/PRE-018097)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a realización dunha estratexia para o ensino rural

[187580](#)**I 51909 (11/PRE-018098)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre os datos comparativos de audiencias da Televisión de Galicia en relación co resto das canles televisivas

[187582](#)**I 51915 (11/PRE-018099)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos microcortes de electricidade e da precariedade das conexións telemáticas que sofre a provincia de Lugo

[187586](#)**I 51917 (11/PRE-018100)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do informe "O galego nos centros públicos de ensino secundario obrigatorio: avaliación do Decreto 79/2010"

[187590](#)**I 51922 (11/PRE-018101)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre a convocatoria de axudas ao alugueiro para vivenda habitual

[187594](#)**I 51932 (11/PRE-018102)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e 2 máis**

Sobre o asesoramento por parte do Goberno galego á empresa promotora da planta de fibras téxtils en Palas de Rei co fin de acceder ás convocatorias de proxectos estratéxicos para a recuperación e a transformación económicas

[187598](#)

I 51936 (11/PRE-018103)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para velar pola integridade e a exemplaridade dos representantes públicos [187602](#)

I 51940 (11/PRE-018104)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para velar pola integridade e a exemplaridade dos representantes públicos no Concello de Valga [187607](#)

I 51950 (11/PRE-018105)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre a noticia dun xornal respecto dun posible proxecto de lei en relación co desenvolvemento de novas fontes de enerxía [187612](#)

I 51955 (11/PRE-018106)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre o número de horas e días de atención xinecolóxica no Centro de Saúde do Carballiño e a necesidade dunha praza adicional de matrona [187614](#)

1.4.5. Respostas a preguntas**Toma de coñecemento da resposta, remisión as deputadas e aos deputados e publicación****I 50876 - 40229 (11/PRE-014306)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado para que este dea cumprimento da Lei 3/1981, do 15 de xuño, de normalización lingüística, respecto do topónimo Valadares na sinalética da VG-20 grafado de forma incorrecta [187617](#)

I 50983 - 42150 (11/PRE-014458)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación económica e financeira das empresas e dos autónomos de Galicia, así como das medidas previstas para apoialos [187620](#)

I 50875 - 42935 (11/PRE-014549)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e 2 máis**

Sobre as infraestruturas de comunicacións e o transporte público da Costa da Morte e Bergantiños [187623](#)



I 51131 - 38517 (11/PRE-015234)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as previsións do Goberno galego de acordar cos axentes sociais de Galicia as bases da política económica da Xunta ante o novo escenario de crecemento dos prezos derivado da guerra en Ucraína

[187626](#)

I 51129 - 39902 (11/PRE-015665)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a contratación das novas incorporacións de traballadores nos equipos de valoración de dependencia

[187629](#)

I 51034 - 41236 (11/PRE-015762)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o calendario previsto pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a posta en marcha da nova Estratexia galega de convivencia 2021-2025

[187633](#)

I 51175 - 42148 (11/PRE-015855)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación económica e financeira das empresas de Galicia

[187635](#)

I 51128 - 43324 (11/PRE-016005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de reunirse coas traballadoras e traballadores en folga do Consorcio Galego de Benestar para tratar o conflito laboral

[187638](#)

I 51130 - 38522 (11/PRE-017045)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as previsións da Xunta de Galicia fronte á nova situación económica froito da guerra de Ucraína

[187642](#)

I 51174 - 42149 (11/PRE-017377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación económica e financeira das empresas e dos autónomos de Galicia, así como das medidas previstas para apoialos

[187645](#)

I 50874 - 47727 (11/PRE-017759)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis



Sobre as previsións do Goberno galego para solucionar os problemas de escorras de auga por mor da chuva na intersección da estrada PO-230 coa N-541, ao seu paso pola parroquia de Pedre, en Cerdedo-Cotobade [187648](#)

I 50873 - 47854 (11/PRE-017764)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda de puntos de encontro familiar [187651](#)

I 50982 - 48440 (11/PRE-017807)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os recursos dedicados pola Xunta de Galicia nos últimos cinco anos para evitar a pobreza ou a exclusión social e para a política de vivenda e as medidas previstas para implementar no ano 2023 [187654](#)

I 50872 - 48663 (11/PRE-017817)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a creación en Betanzos dun centro de día público [187659](#)

I 51173 - 50147 (11/PRE-017915)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a decisión de eliminar a oficina da entidade Augas de Galicia de Ourense [187662](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 28 de marzo de 2023, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/1242 no que respecta ao reforzo das normas de comportamento en materia de emisións de CO2 para vehículos pesados novos e á integración das obrigacións de comunicación, e se derróoga o Regulamento (UE) 2018/956 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2023) 88 final] [COM (2023) 88 final anexos] [2023/0042 (COD)] {SEC (2023) 100 final} {SWD (2023) 88 final} {SWD (2023) 89 final}

-11/UECS-000277 (52029) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/1242 no que respecta ao reforzo das normas de comportamento en materia de emisións de CO2 para vehículos pesados novos e á integración das obrigacións de comunicación, e se derroga o Regulamento (UE) 2018/956 (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM (2023) 88 final] [COM (2023) 88 final anexos] [2023/0042 (COD)] {SEC (2023) 100 final} {SWD (2023) 88 final} {SWD (2023) 89 final} [187664](#)



■ Resolución da Presidencia, do 28 de marzo de 2023, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 1227/2011 e (UE) 2019/942 co fin de mellorar a protección da Unión contra a manipulación do mercado no mercado almacenista da enerxía (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2023) 147 final] [2023/0076 (COD)] {SWD (2023) 58 final}

-11/UECS-000278 (52099) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 1227/2011 e (UE) 2019/942 co fin de mellorar a protección da Unión contra a manipulación do mercado no mercado almacenista da enerxía (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2023) 147 final] [2023/0076 (COD)] {SWD (2023) 58 final} [187771](#)



A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 28 de marzo de 2023, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Aprobación sen modificacións

- 48883 (11/PNC-004179)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para trasladarlles aos grupos do Parlamento Europeo o desacordo do Parlamento de Galicia co feito de que na Unión Europea prevaleza unha visión ecoloxista radical en detrimento dos intereses do sector pesqueiro e das comunidades costeiras
BOPG nº 450, do 08.02.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 9 votos a favor, 3 votos en contra e 0 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia acorda como resolución manifestar o seu desacordo co feito de que na Unión Europea prevaleza unha visión ecoloxista radical en detrimento dos intereses do sector pesqueiro e das comunidades costeiras e insta á Xunta de Galicia a trasladar esta posición a todos os grupos políticos no Parlamento Europeo, solicitando expresamente que o Grupo dos Verdes/Alianza Libre Europea rectifique, por actuar sistematicamente en contra dos intereses da cadea mar-industria galega.»

- 51317 (11/PNC-004380)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e dez deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que defenda ante as institucións comunitarias o establecemento dun continxente arancelario autónomo de lombos de atún de 55.000 toneladas ao cero por cento do arancel para o próximo período 2024-2026
BOPG nº 467, do 15.03.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 2 votos en contra e 3 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:



1. Dirixirse ao Goberno de España para que defenda ante as institución comunitarias o establecemento dun continxente arancelario autónomo de lombos de atún de 55.000 toneladas ao 0 % do arancel para o próximo período 2024-2026.

2. Dirixirse aos deputados do Partido Popular, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego con representación no Parlamento europeo para que apoiem esta demanda, no marco do debate do novo regulamento europeo que establecerá os continxentes arancelarios da Unión Europea para determinados produtos da pesca.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 48014 (11/PNC-004119)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre a demanda que debe facer o Goberno galego ao Goberno do Estado de medidas que faciliten a regularización da frota pesqueira e das competencias en materia de ordenación pesqueira BOPG nº 446, do 01.02.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno da Xunta de Galicia a:

— Reclamar ao Goberno do Estado medidas que faciliten a regularización definitiva da frota pesqueira galega e que eviten a expulsión de buques do mar de xeito inminente.

— Dar a coñecer a situación real da frota pesqueira galega despois dos distintos procesos de regularización levados a cabo ata a actualidade.

— Demandar do Goberno do Estado as competencias en materia de ordenación pesqueira que permitan, entre outras moitas actuacións, levar a cabo procesos destas características con coñecemento real da situación e condicións de traballo das embarcacións e con maior eficacia e prontitude.»

Rexeitamento da iniciativa

- 48008 (11/PNC-004118)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en materia de renovación da frota galega BOPG nº 446, do 01.02.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2023

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 29 de marzo de 2023, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 51628 (11/PRE-018062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dun protocolo de seguimento de reaccións adversas á aplicación da vacina da lingua azul

- 51634 (11/PRE-018063)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para dotar de persoal docente o hospital de día de psiquiatría infantoxuvenil do Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo

- 51638 (11/PRE-018064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a cobertura sanitaria dos galegos pertencentes á Casa de Galicia de Montevideo

- 51642 (11/PRE-018065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da planificación e funcionamento do transporte interurbano de viaxeiros por estrada en Ribeira

- 51650 (11/PRE-018066)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre o financiamento das axudas ao talento e á produción para o audiovisual

- 51659 (11/PRE-018067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para facer un estudo para determinar a situación actual das mulleres no medio rural

- 51664 (11/PRE-018068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a creación de escolas infantís en contornas laborais



- 51670 (11/PRE-018069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa
Sobre os efectos da entrada en vigor da Lei Ánxeles Alvaríño

- 51675 (11/PRE-018070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre a convocatoria de subvencións para embelecer o litoral galego e a ausencia de Dumbría na lista de posibles concellos beneficiarios

- 51681 (11/PRE-018071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre as previsións de dotar o Centro de Saúde de Quiroga da figura de traballo social

- 51689 (11/PRE-018072)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para colaborar co Concello de Gondomar e prestar servizo de comedor no Colexio Rural Agrupado de Peitieiros

- 51697 (11/PRE-018073)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Carreira Pazos, Iria
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a permanencia da Escola de Educación Infantil do Gaioso, en Santiago de Compostela

- 51705 (11/PRE-018074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis
Sobre a situación da sanidade penitenciaria en Galicia, nomeadamente a problemática que xorde no Centro Penitenciario de Teixeiro, en Curtis

- 51721 (11/PRE-018075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para facilitar as solicitudes de queima de restos agrícolas e forestais

- 51727 (11/PRE-018076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre a xustificación de destinar equipamentos tecnolóxicos pagados con fondos públicos ao Centro Oncolóxico de Galicia



- 51731 (11/PRE-018077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Rodil Fernández, Olalla

Sobre o estado e o control das instalacións e dos servizos que se prestan no fogar residencial de maiores de Taboadela, en Ourense

- 51737 (11/PRE-018078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto dos incumprimentos e das irregularidades nos contratos de transporte público por estrada

- 51746 (11/PRE-018079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de elaborar un plan integral para o ensino rural

- 51751 (11/PRE-018080)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para restablecer a asistencia pediátrica deslocalizada nos centros de saúde de Curtis, Teixeira, Sobrado e Vilasantar

- 51761 (11/PRE-018081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do escenario bancario internacional

- 51765 (11/PRE-018082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego da afectación dos murais de Urbano Lugrís do edificio en ruínas da rúa Olmos, na Coruña

- 51771 (11/PRE-018083)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre situación da estrada AC-543 en Urdilde, no concello de Rois

- 51776 (11/PRE-018084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de impulsar unha empresa pública de enerxía

- 51784 (11/PRE-018085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis



Sobre a valoración por parte do Goberno galego do canon eólico, os seus resultados e as previsións no medio prazo

- 51800 (11/PRE-018086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre os resultados do programa Rexurbe e as previsións para o ano 2023

- 51801 (11/PRE-018087)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre os resultados do programa Rexurbe e as previsións para o ano 2023

- 51812 (11/PRE-018088)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre o estado e o mantemento da estrada AC-543 ao seu paso polo concello de Rois

- 51820 (11/PRE-018089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para atender as indicacións do Consello de Contas sobre a derivación a centros privados da tecnoloxía sanitaria doada ao sistema público

- 51826 (11/PRE-018090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre o cumprimento e o desenvolvemento que está a facer o Goberno galego da Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia

- 51851 (11/PRE-018091)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o cumprimento dos obxectivos de dixitalización da Administración de xustiza previstos no plan Senda 2025

- 51857 (11/PRE-018092)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a delegación de competencias da Consellería de Economía, Industria e Innovación noutros órganos

- 51861 (11/PRE-018093)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da prestación do servizo de salvamento marítimo de Galicia



- 51867 (11/PRE-018094)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre o aumento da taxa de abandono escolar

- 51885 (11/PRE-018095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia

- 51905 (11/PRE-018097)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a realización dunha estratexia para o ensino rural

- 51909 (11/PRE-018098)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre os datos comparativos de audiencias da Televisión de Galicia en relación co resto das canles televisivas

- 51915 (11/PRE-018099)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos microcortes de electricidade e da precariedade das conexións telemáticas que sofre a provincia de Lugo

- 51917 (11/PRE-018100)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do informe "O galego nos centros públicos de ensino secundario obrigatorio: avaliación do Decreto 79/2010"

- 51922 (11/PRE-018101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis
Sobre a convocatoria de axudas ao alugueiro para vivenda habitual

- 51932 (11/PRE-018102)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e 2 máis
Sobre o asesoramento por parte do Goberno galego á empresa promotora da planta de fibras téxtils en Palas de Rei co fin de acceder ás convocatorias de proxectos estratéxicos para a recuperación e a transformación económicas



- 51936 (11/PRE-018103)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para velar pola integridade e a exemplaridade dos representantes públicos

- 51940 (11/PRE-018104)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para velar pola integridade e a exemplaridade dos representantes públicos no Concello de Valga

- 51950 (11/PRE-018105)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a noticia dun xornal respecto dun posible proxecto de lei en relación co desenvolvemento de novas fontes de enerxía

- 51955 (11/PRE-018106)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o número de horas e días de atención xinecolóxica no Centro de Saúde do Carballiño e a necesidade dunha praza adicional de matrona

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 14 de marzo de 2023, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

1.4.5. Respostas a preguntas

Toma de coñecemento da resposta, remisión as deputadas e aos deputados e publicación

- 50876 - 40229 (11/PRE-014306)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado para que este dea cumprimento da Lei 3/1981, do 15 de xuño, de normalización lingüística, respecto do topónimo Valadares na sinalética da VG-20 grafado de forma incorrecta

- 50983 - 42150 (11/PRE-014458)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña



Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación económica e financeira das empresas e dos autónomos de Galicia, así como das medidas previstas para apoialos

- 50875 - 42935 (11/PRE-014549)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as infraestruturas de comunicacións e o transporte público da Costa da Morte e Bergantiños

- 51131 - 38517 (11/PRE-015234)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as previsións do Goberno galego de acordar cos axentes sociais de Galicia as bases da política económica da Xunta ante o novo escenario de crecemento dos prezos derivado da guerra en Ucraína

- 51129 - 39902 (11/PRE-015665)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a contratación das novas incorporacións de traballadores nos equipos de valoración de dependencia

- 51034 - 41236 (11/PRE-015762)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o calendario previsto pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a posta en marcha da nova Estratexia galega de convivencia 2021-2025

- 51175 - 42148 (11/PRE-015855)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación económica e financeira das empresas de Galicia

- 51128 - 43324 (11/PRE-016005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego de reunirse coas traballadoras e traballadores en folga do Consorcio Galego de Benestar para tratar o conflito laboral

- 51130 - 38522 (11/PRE-017045)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as previsións da Xunta de Galicia fronte á nova situación económica froito da guerra de Ucraína



- 51174 - 42149 (11/PRE-017377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación económica e financeira das empresas e dos autónomos de Galicia, así como das medidas previstas para apoialos

- 50874 - 47727 (11/PRE-017759)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para solucionar os problemas de escorras de auga por mor da chuvia na intersección da estrada PO-230 coa N-541, ao seu paso pola parroquia de Pedre, en Cerdedo-Cotobade

- 50873 - 47854 (11/PRE-017764)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda de puntos de encontro familiar

- 50982 - 48440 (11/PRE-017807)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os recursos dedicados pola Xunta de Galicia nos últimos cinco anos para evitar a pobreza ou a exclusión social e para a política de vivenda e as medidas previstas para implementar no ano 2023

- 50872 - 48663 (11/PRE-017817)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a creación en Betanzos dun centro de día público

- 51173 - 50147 (11/PRE-017915)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a decisión de eliminar a oficina da entidade Augas de Galicia de Ourense

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 28 de marzo de 2023, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo



que se modifica o Regulamento (UE) 2019/1242 no que respecta ao reforzo das normas de comportamento en materia de emisións de CO₂ para vehículos pesados novos e á integración das obrigacións de comunicación, e se derróga o Regulamento (UE) 2018/956 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2023) 88 final] [COM (2023) 88 final anexos] [2023/0042 (COD)] {SEC (2023) 100 final} {SWD (2023) 88 final} {SWD (2023) 89 final}

-11/UECS-000277 (52029) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/1242 no que respecta ao reforzo das normas de comportamento en materia de emisións de CO₂ para vehículos pesados novos e á integración das obrigacións de comunicación, e se derroga o Regulamento (UE) 2018/956 (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM (2023) 88 final] [COM (2023) 88 final anexos] [2023/0042 (COD)] {SEC (2023) 100 final} {SWD (2023) 88 final} {SWD (2023) 89 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 52029, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/1242 no que respecta ao reforzo das normas de comportamento en materia de emisións de CO₂ para vehículos pesados novos e á integración das obrigacións de comunicación, e se derroga o Regulamento (UE) 2018/956 (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM (2023) 88 final] [COM (2023) 88 final anexos] [2023/0042 (COD)] {SEC (2023) 100 final} {SWD (2023) 88 final} {SWD (2023) 89 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Resolución da Presidencia, do 28 de marzo de 2023, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 1227/2011 e (UE) 2019/942 co fin de mellorar a protección da Unión contra a manipulación do mercado no mercado almacenista da enerxía (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2023) 147 final] [2023/0076 (COD)] {SWD (2023) 58 final}

-11/UECS-000278 (52099) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 1227/2011 e (UE) 2019/942 co fin de mellorar a protección da Unión contra a manipulación do mercado no mercado almacenista da enerxía (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2023) 147 final] [2023/0076 (COD)] {SWD (2023) 58 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 52099, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 1227/2011 e (UE) 2019/942 co fin de mellorar a protección da Unión contra a manipulación do mercado no mercado almacenista da enerxía (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2023) 147 final] [2023/0076 (COD)] {SWD (2023) 58 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data 17-02-2023 dáse conta oficialmente da detección do serotipo 4 do virus da Lingua Azul por parte dos Servizos Veterinarios da Xunta de Galiza, en catro explotacións “centinela” de bovino, sitas nos concellos de Fornelos de Montes e As Neves, en Pontevedra e Sarreaus e máis Castro Caldelas en Ourense.

Trátase dunha doenza vírica que se transmite por medio de mosquitos do xénero culicoides e que afecta a ruminantes de diferentes especies, tendo especial interese no noso País en vacas, ovellas e cabras.

Esta doenza xa afectara en 2.008 e 2.009 na nosa comunidade efectuándose naquela altura unha campaña de vacinación.

O día 7 do presente mes de marzo iniciouse a campaña de vacinación gratuíta e obrigatoria para gando bovino e ovino nas provincias de Ourense e Pontevedra e nas comarcas de Sarria, Chantada e Terra de Lemos e Quiroga en Lugo. No gando bovino a vacinación faise en dúas doses cun período intermedio de 21 días.

Neste tempo e debido á temporada, estamos aínda no inverno, o vector transmisor oficialmente está desaparecido sendo abril o mes en que os insectos do tipo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mosquito comezan a súa actividade picadora. Isto non é totalmente certo, pois nalgunhas zonas obsérvase actividade entomolóxica no trampeo non oficial.

Na campaña de vacinación anterior observáronse un bo número de reaccións adversas á vacinación tanto en ovino coma en bovino con mortes, abortos en ocasións tardíos... Non sabemos se desta vez se prevén estas incidencias, mais consideramos que esta campaña e vistos os precedentes, debería ir acompañada dun protocolo de seguimento de efectos adversos (mortes, abortos...), así coma de compensacións destes e dos prexuízos ocasionados aos gandeiros polas inmovilización de animais e a súa posible prohibición de compra ou venda.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Hai controis entomolóxicos máis exhaustivos dende a descuberta?
- Os datos obtidos reportan realmente inactividade do mosquito vector da enfermidade?
- Teñen previsto dende o goberno algún protocolo de seguimento de reaccións adversas á aplicación da vacina vistos os precedentes da campaña anterior?
- De prevelo, contempla a posibilidade de efectos adversos, especialmente fallos reprodutivos (abortos, absorcións embrionarias) de presentación tardía?
- Teñen previsto algún protocolo de axudas para paliar os posibles danos derivados?
- Cal foi o protocolo seguido pola Xunta de Galiza para a adquisición das vacinas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 17/03/2023 10:02:33

María González Albert na data 17/03/2023 10:02:36

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/03/2023 10:02:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández, Carmen Aira Díaz e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as necesidades educativas da unidade de psiquiatría infanto-xuvenil do HULA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

das escolas infantís de 0 a 3 anos que beneficiará a máis de 30.000 familias; o incremento das contías das prestacións para a RISGA, das axudas de inclusión social, e das pensións non contributivas; o bono social térmico ou 4M€ para o bono social eléctrico para duplicar as axudas para o pago das facturas eléctricas dos consumidores máis vulnerables, ou actuacións que contribúan a ter vivendas e empresas máis eficientes e fontes de enerxía diversificadas para garantir o mellor subministro e con custes razoables. Neste apartado inclúense 23,3M€ para medidas de aforro enerxético para as familias; 56M€ para medidas de aforro enerxético para as PEMES; 35,7 millóns para a rehabilitación de vivendas para mellorar a eficiencia enerxética ou o aumento do Bono Enerxía PEME, entre outras, ou medidas que axuden a emprendedores, autónomos e empresarios a manter o emprego e incrementar a súa competitividade.

As liñas de actuación dos Orzamentos do 2023 están perfectamente encaixadas na planificación deseñada no Plan Estratégico de Galicia 2022-2030, de feito, estes, son os primeiros orzamentos en clave Galicia 2030 nos que se inclúen as prioridades dos eixos e obxectivos estratéxicos da folla de ruta trazada pola Xunta para esta década.

En relación á política tributaria, o modelo fiscal do Goberno galego é un modelo consolidado en máis dunha década, cunha senda propia que se reforza cada orzamento: non subindo os impostos e baixándoos en todo o que está dentro das competencias da Comunidade autónoma, sen afectar ao Estado de Benestar e pensando nos intereses dos galegos e das galegas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2023 09:40:56
Nº Rexistro: 51131
Data envío: 09/03/2023 09:40:56.939

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/03/2023 8:40:54

CSV: BOPGDSPG-ek0gOOjH-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 39902**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a contratación das novas incorporacións de traballadores nos equipos de valoración de dependencia"** (publicada no BOPG número 375 do 7 de setembro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia non empregou como escusa a pandemia motivada pola Covid, para introducir e xeneralizar as valoracións telemáticas da discapacidade. Senón que ante unha situación extraordinaria na que os expertos científicos é o comité clínico, insistían en evitar en todo momento as reunións en espazos cerrados, especialmente para as persoas maiores ou con patoloxías previas, como son as persoas que solicitan o recoñecemento da discapacidade,

A valoración realizouse coas máximas garantías segundo o momento, a través da información que forma parte do expediente, podendo ser ampliada mediante a solicitude de información complementaria e/ou establecemento dunha citación telefónica ou por medios telemáticos coa persoa interesada ou co seu representante, tendo como principal obxectivo a protección das condicións de saúde do colectivo de persoas con discapacidade, como colectivo vulnerable.



E dicir o quipo de valoración, aplica o baremo segundo todos os informes que forman parte do expediente, así o médico do equipo accede ao IANUS, e por tanto a todos o informes médicos que hai no historial médico do solicitante, ao igual que o psicólogo, accede a todos os informes psicolóxicos, psiquiátricos e de enfermidades mentais, e o traballador social accede aos informes do traballador social de base e demais informes sociais que aporte o solicitante.

Unha vez revisados todos os informes se o equipo ou algún membro do mesmo ten algunha dubida concertaba unha cita telefónica, pero non se pode afirmar que o equipo de valoración realizara a súa valoración a partires dunha chamada telefónica, senón que se aplicaba un baremo a partir dos informes dos facultativos e traballadores sociais, e cunha entrevista idéntica á que se fai na valoración presencial.

Respecto a rebaixa do grado de discapacidade inicialmente recoñecido, temos que indicar que variar o grao de discapacidade na maioría dos casos obedece a que unha persoa sufriu un accidente ven sexa de trafico, laboral , domestico, cardiovascular, etc ou outro proceso agudo por unha patoloxía, se somete a unha primeira valoración cando aínda a persoa está con procesos de rehabilitación, de aplicación de distintas terapias se ditamina un grado provisional porque se descoñece o alcance definitivo de esas lesións ou patoloxías.

Posteriormente cando se realiza a revisión hai casos nos que esa lesión se cronifica e polo tanto se mantén o grado ou incluso se pode incrementar, e outros nos que despois dos procesos rehabilitadores e de aplicación de terapias mellora o seu estado de saúde e gaña autonomía para realizar as actividades da vida diaria, motivo polo que diminúe o grado de discapacidade.

Non podemos esquecer que a valoración a fai un equipo técnico formado por un médico, un psicólogo e un traballador social, que aplican un baremo a partir de informes médicos. Pensar que revisan á baixa os graos de discapacidade arbitrariamente supón por un lado cuestionar a súa profesionalidade e descoñecer como traballan.



Polo tanto, non se fan valoracións telemáticas senón que, como consecuencia da COVID-19 realizáronse avaliacións por informes. Se estableceu a valoración preferentemente a través da información que forma parte do expediente, podendo ser ampliada mediante a solicitude de información complementaria e/ou establecemento dunha citación telefónica ou por medios telemáticos coa persoa interesada ou co seu representante, tendo como principal obxectivo a protección das condicións de saúde do colectivo de persoas con discapacidade, como colectivo vulnerable.

Se realizaron as citacións presenciais naqueles casos que, por criterio técnico, era axeitado e preciso para o correcta valoración da persoa solicitante, adoptando todas as medidas de protección necesarias.

Como consecuencia da evolución da pandemia marcada por uns altos niveis de inmunidade alcanzados na poboación galega, o pasado 12 de xullo adoptouse a decisión de retornar ao recoñecemento preferentemente presencial.

Por último, indicar que a través do FSE, contratáronse en Galicia para o reforzo da dependencia 26 técnicos e 10 auxiliares administrativos, con contratos de interinaxe conforme á lexislación vixente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2023 09:40:37
Nº Rexistro: 51129
Data envío: 09/03/2023 09:40:37.533

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/03/2023 8:40:31

CSV: BOPGDSPG-ek0gOOjH-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 41236**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e dona Noa Díaz Varela, sobre **“o calendario previsto pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a posta en marcha da nova Estratexia Galega de Convivencia 2021-2025”**, (publicada no BOPG número 386, do 27 de setembro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 42959, que foi debatida na Comisión 4ª de data 04/11/2022; á que nos remitimos porque, ademais de lembrar o marco normativo vixente na materia, serviu para informar da Estratexia Galega da Convivencia Escolar 2025. Na resposta dada, quedou de manifesto que se trata dun documento de traballo aberto e flexible para reaccionar ante a posible aparición de novos retos nun mundo cambiante, co propósito de avanzar cara á construción de centros educativos máis seguros, accesibles, inclusivos, equitativos e saudables.

Entre os eixos de traballo definidos está o vencellado ao reto de consolidar a convivencia positiva nos centros educativos galegos que, entre outras actuacións, está orientado a avanzar na prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.

O debate pode consultarse, co número de rexistro da iniciativa, na Mediateca da web do Parlamento de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 51034
Data envío: 07/03/2023 16:08:44.358

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/03/2023 15:08:30

CSV: BOPGDSPG-ek0gOOjH-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 42148**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Gonzalo Caballero Miguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da situación económica e financeira das empresas de Galicia”** (publicada no BOPG número 394 do 13 de outubro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O traballo autónomo é unha prioridade para a Xunta de Galicia, xa que a nosa Comunidade é a segunda co maior peso (20,65 por cento) de persoas traballadoras autónomas con respecto ao total das afiliacións, superando en máis de 4 puntos á media nacional.

Polo tanto, conscientes do papel que xoga este colectivo na economía galega e no seu tecido produtivo, ademais, de ser o sustento de miles de fogares en Galicia, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, destinará este ano preto de 60 millóns de euros a apoiar este colectivo. Un investimento que se artella a través de diferentes liñas de axudas, como, por exemplo:

- O Programa Impacto Autónomo, cun investimento de 30 millóns de euros. Esta liña pioneira, de axudas directas ás persoas traballadoras autónomas de entre 800 euros e 1.500 euros, busca minimizar o impacto da suba dos custos en materias primas e das subministracións, que está a afectar e a condicionar a actividade económica das persoas traballadoras por conta propia e das microempresas.



- O Programa Xempre Autónomo, con 12 millóns de euros. Esta iniciativa, que foi aprobada no Consello da Xunta do pasado 19 de xaneiro e que se pode solicitar ata o vindeiro 29 de setembro, busca impulsar e apoiar o inicio da actividade por contra propia. Son axudas cunha contía base de 2.000 euros que poderán chegar aos 4.000 euros para as persoas desempregadas menores de 30 anos, persoas paradas de longa duración, persoas con discapacidade e, como novidade este ano, maiores de 55 anos. Ademais, estes importes poderán incrementarse nun 25% se as persoas beneficiarias son, entre outras, mulleres, maiores de 45 anos, emigrantes retornados ou estranxeiros, se o centro de traballo está situado nun concello rural ou se a actividade empresarial é unha profesión na que as mulleres están subrepresentadas. En 2022, estes apoios chegaron a preto de 3.500 persoas traballadoras autónomas.

- Ou o Bono Autónomo, dotado con 8 millóns de euros. Esta liña, que foi aprobada no Consello da Xunta do pasado 19 de xaneiro e publicada no DOG o 24 de xaneiro, permite a consolidación e mellora da competitividade de negocios de persoas traballadoras autónomas que leven polo menos 42 meses de actividade empresarial. Para iso, dispón de axudas de ata 3.000 euros dirixidas á realización de investimentos para a mellora da competitividade. O Bono Autónomo foi unha medida pioneira posta en marcha en Galicia no ano 2017 coa que se beneficiaron ata o momento máis de 10.300 persoas traballadoras deste colectivo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2023 11:52:36
Nº Rexistro: 51175
Data envío: 09/03/2023 11:52:36.953

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/03/2023 10:52:34

CSV: BOPGDSPG-ek0gOOjH-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 43324**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego de reunirse coas traballadoras e traballadores do Consorcio Galego en folga para tratar o conflito laboral”** (publicada no BOPG número 407 do 9 de novembro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

“O persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar integrouse no V convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia en 2017, logo dun acordo coas principais organizacións sindicais (CIG, UXT e CCOO) e que tamén foi ratificado por unanimidade polos catro comités provinciais de persoal que existían naquel momento no Consorcio. En virtude desa integración comezou tamén a equiparación salarial gradual de todo o seu persoal que rematou neste ano 2022, onde o persoal do Consorcio está xa equiparado salarialmente ao do resto do persoal da Xunta de Galicia. Ese acordo acadado en 2017 establecía tamén que as prazas do persoal temporal do Consorcio se incluírían dentro das ofertas de emprego público da Xunta de Galicia.

Por outro lado, en novembro de 2020 se aprobou nunha asemblea extraordinaria do Consorcio a modificación dos seus estatutos no referente ao seu réxime de persoal, que establece que a selección do seu persoal e a provisión de postos de



traballo, corresponderanlle ao centro directivo competente en materia de función pública da Xunta de Galicia e seranlle de aplicación as disposicións da lexislación galega sobre emprego público.

En decembro de 2021 se aprobou a Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. En cumprimento desta normativa estatal, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda e Administración Pública, aprobou en maio deste ano 2022 unha oferta de emprego público (OPE) extraordinaria de estabilización de emprego temporal de longa duración, que inclúe tamén prazas do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Asemade, no DOG de 23 de decembro de 2022 se publica a Lei 5/2022, do 21 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobada polo Parlamento de Galicia.

A Dirección Xeral de Función Pública dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública é o centro directivo da Xunta de Galicia a que lle corresponde planificar, convocar e establecer os requisitos deses procesos selectivos para todo o ámbito da administración e sector público autonómico dependente da Xunta de Galicia, logo da negociación con todas as organizacións sindicais que forman parte da mesa xeral de empregados públicos (CIG, UGT, CCOO e CSIF). A CNT non forma parte desa mesa por no ter suficiente representatividade.

Non obstante o anterior, se teñen mantido reunións co comité de folga o pasado mes de outubro, pero non foi posible atender a petición da CNT, organización que convocou a folga, de abrir unha negociación paralela e separada para o persoal do Consorcio. A razón é que o Consorcio é un ente que forma parte do sector público autonómico e como tal as cuestións de ámbito laboral se abordan na devandita Mesa Xeral, e ningún outro sindicato avalaba esa reivindicación.



Todos eses procesos de estabilización xa foron publicados no DOG en decembro de 2022, para cumprir o prazo establecido na Lei 20/2021 estatal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2023 09:40:00
Nº Rexistro: 51128
Data envío: 09/03/2023 09:40:00.721

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/03/2023 8:39:39

CSV: BOPGDSPG-ek0gOOjH-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38522**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Gonzalo Caballero Miguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia fronte á nova situación económica froito da guerra de Ucraína”** (publicada no BOPG número 369 do 29 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O Plan Estratéxico de Galicia é a principal ferramenta de planificación coa que conta a Xunta de Galicia. O PEG 22-30 é o resultado de case tres anos de traballo nos que a Xunta de Galicia fixo unha análise exhaustiva, non só do contexto actual no que nos atopamos cun cambio de paradigma na nosa contorna, senón tamén dos grandes retos aos que se enfrontará Galicia nesta década.

Estamos ante o instrumento máis importante de planificación estratéxica que define a visión de Galicia que o goberno Galego aspira a acadar, e o fai cun horizonte de case unha década, con avaliacións periódicas, para ter, en calquera momento a marxe de manobra para poder adaptarse a situacións imprevistas. Así a planificación está elaborada para o medio e longo prazo e estes mecanismos de axuste fino permiten ir concretando o Plan Estratéxico, ano a ano, nos orzamentos.

A principal ferramenta de política económica para afrontar calquera situación económica, como o incremento de prezos, é o orzamento que ano tras ano a Xunta de Galicia aproba en tempo e prazo, así os orzamentos vixentes inclúen como principal liña de actuación acompañar a familias e empresas nesta conxuntura de alza de prezos e con medidas para impulsar a competitividade; así recollen medidas como a gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos que beneficiará a máis de 30.000 familias; o



incremento das contías das prestacións para a RISGA, das axudas de inclusión social, e das pensións non contributivas; o bono social térmico ou 4M€ para o bono social eléctrico para duplicar as axudas para o pago das facturas eléctricas dos consumidores máis vulnerables, ou actuacións que contribúan a ter vivendas e empresas máis eficientes e fontes de enerxía diversificadas para garantir o mellor subministro e con custes razoables. Neste apartado inclúense 23,3M€ para medidas de aforro enerxético para as familias; 56M€ para medidas de aforro enerxético para as PEMES; 35,7 millóns para a rehabilitación de vivendas para mellorar a eficiencia enerxética ou o aumento do Bono Enerxía PEME, entre outras, ou medidas que axuden a emprendedores, autónomos e empresarios a manter o emprego e incrementar a súa competitividade.

As liñas de actuación dos Orzamentos do 2023 están perfectamente encaixadas na planificación deseñada no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, de feito, estes, son os primeiros orzamentos en clave Galicia 2030 nos que se inclúen as prioridades dos eixos e obxectivos estratéxicos da folla de ruta trazada pola Xunta para esta década.

En relación á política tributaria, o modelo fiscal do Goberno galego é un modelo consolidado en máis dunha década, cunha senda propia que se reforza cada orzamento: non subindo os impostos e baixándoos en todo o que está dentro das competencias da Comunidade autónoma, sen afectar ao Estado de Benestar e pensando nos intereses dos galegos e das galegas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2023 09:40:48
Nº Rexistro: 51130
Data envío: 09/03/2023 09:40:48.221

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/03/2023 8:40:44

CSV: BOPGDSPG-ek0gOOjH-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 42149**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Gonzalo Caballero Miguez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da situación económica e financeira das empresas e dos autónomos de Galicia, así como das medidas previstas para apoialos”** (publicada no BOPG número 394 do 13 de outubro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O traballo autónomo é unha prioridade para a Xunta de Galicia, xa que a nosa Comunidade é a segunda co maior peso (20,65 por cento) de persoas traballadoras autónomas con respecto ao total das afiliacións, superando en máis de 4 puntos á media nacional.

Polo tanto, conscientes do papel que xoga este colectivo na economía galega e no seu tecido produtivo, ademais, de ser o sustento de miles de fogares en Galicia, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, destinará este ano preto de 60 millóns de euros a apoiar este colectivo. Un investimento que se artella a través de diferentes liñas de axudas, como, por exemplo:

- O Programa Impacto Autónomo, cun investimento de 30 millóns de euros. Esta liña pioneira, de axudas directas ás persoas traballadoras autónomas de entre 800 euros e 1.500 euros, busca minimizar o impacto da suba dos custos en materias primas e das subministracións, que está a afectar e a condicionar a actividade económica das persoas traballadoras por conta propia e das microempresas.



- O Programa Xempre Autónomo, con 12 millóns de euros. Esta iniciativa, que foi aprobada no Consello da Xunta do pasado 19 de xaneiro e que se pode solicitar ata o vindeiro 29 de setembro, busca impulsar e apoiar o inicio da actividade por contra propia. Son axudas cunha contía base de 2.000 euros que poderán chegar aos 4.000 euros para as persoas desempregadas menores de 30 anos, persoas paradas de longa duración, persoas con discapacidade e, como novidade este ano, maiores de 55 anos. Ademais, estes importes poderán incrementarse nun 25% se as persoas beneficiarias son, entre outras, mulleres, maiores de 45 anos, emigrantes retornados ou estranxeiros, se o centro de traballo está situado nun concello rural ou se a actividade empresarial é unha profesión na que as mulleres están subrepresentadas. En 2022, estes apoios chegaron a preto de 3.500 persoas traballadoras autónomas.

- Ou o Bono Autónomo, dotado con 8 millóns de euros. Esta liña, que foi aprobada no Consello da Xunta do pasado 19 de xaneiro e publicada no DOG o 24 de xaneiro, permite a consolidación e mellora da competitividade de negocios de persoas traballadoras autónomas que leven polo menos 42 meses de actividade empresarial. Para iso, dispón de axudas de ata 3.000 euros dirixidas á realización de investimentos para a mellora da competitividade. O Bono Autónomo foi unha medida pioneira posta en marcha en Galicia no ano 2017 coa que se beneficiaron ata o momento máis de 10.300 persoas traballadoras deste colectivo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2023 11:52:28
Nº Rexistro: 51174
Data envío: 09/03/2023 11:52:28.437

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/03/2023 10:52:25

CSV: BOPGDSPG-ek0gOOjH-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 47727**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego de solucionar os problemas de escorrentía de auga por mor da choiva na estrada PO-230 na súa ñintersección coa N-541 ao seu paso pola parroquia de Pedre en Cerdedo-Cotobade”** (publicada no BOPG número 447 do 2 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 47726, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 17 de febreiro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas indicou, entre outras cuestións, que é o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana quen ten a competencia para actuar na intersección da N-541 en Pedre, no Concello de Cerdedo-Cotobade. Aclarou tamén que o problema de escorrenta na intersección da PO-230 coa estrada estatal, antes do punto no que tivo lugar o trágico accidente de autobús, non se corresponde con ningún treito de estrada de titularidade autonómica.



A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTkxZGJjMzYwODNh&start=4164>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTkxZGJjMzYwODNh&start=5032>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 50874
Data envío: 02/03/2023 19:48:24.051

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2023 18:48:21

CSV: BOPGDSPG-ek0gOOjH-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 47854**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a demanda de puntos de encontro familiar”** (publicada no BOPG número 447 do 2 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situación de crise, procura a seguridade e o benestar das e dos menores, favorece a relación coas súas familias e facilita o cumprimento do réxime de visitas. Por esta razón, é un servizo moi importante para a Consellería de Política Social e Xuventude, posto que o seu obxectivo principal é a normalización da situación conflictiva que afecta nenos, nenas e adolescentes na relación coas súas familias.

Froito desta importancia que os PEF teñen para a Xunta de Galicia, no ano 2020 aprobouse unha ampliación do horario de servizo dos sete puntos de encontro familiar, que ata ese momento mantiñan un horario de apertura de mércores a domingo e que se reforzou coa apertura dos sete días da semana, co fin de que as medidas de seguridade ante a COVID 19 non supuxeran un prexuízo para ningún usuario dos PEF e se contribúa a atender todos os casos derivados polos xulgados con celeridade.



Esta medida foi tomada no contexto da pandemia, pero é un reforzo que pasou a ter carácter estrutural nos sete PEF das cidades galegas e polo tanto consolidouse e mantense.

E nesta mesma liña de reforzo destes servizos, na actualidade a Xunta de Galicia está a analizar a mellora dos PEF xa existentes e o incremento do número de PEF na Comunidade Autónoma, coa finalidade de dar unha cobertura máis ampla a toda a poboación, atendendo ás características de dispersión e núcleos rurais de Galicia. Por todo isto, estase realizando un estudo detallado nesta materia para tomar a decisión máis eficiente e favorable aos usuarios. Dentro deste incremento da cobertura enmárcase o novo Punto de Encontro Familiar da Barbanza, que xa dá servizo aos concellos de toda esta bisbarra, ao tempo que se está a avanzar na apertura de novos puntos de encontro nas provincias de Lugo (comarca da Mariña), Ourense (comarca de Monterrei) e Pontevedra (comarca do Deza)“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 50873
Data envío: 02/03/2023 19:48:17.410

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2023 18:48:15

CSV: BOPGDSPG-ek0gOOjH-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 48440**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os recursos dedicados pola Xunta de Galicia nos últimos cinco anos para evitar a pobreza ou exclusión social e para a política de vivenda e as medidas previstas para implementar no ano 2023”** (publicada no BOPG número 451 do 9 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

“Nos últimos 5 anos a Xunta de Galicia ven incrementando progresivamente os recursos que adica a combater a pobreza e a exclusión social na nosa comunidade. Así o amosa o reforzo orzamentario das partidas coas que conta a Dirección Xeral de Inclusión Social: en 5 anos o orzamento deste departamento incrementouse nun 29%, pasando dos 115 M cos que contaba en 2018 aos 148,5 M dos que dispón en 2023.

E estes datos reflicten unicamente as partidas coas que conta o departamento adicado especificamente a xestionar medidas en prol da inclusión social, pero a loita contra a pobreza é unha cuestión transversal que afecta a varias áreas de goberno. De xeito mais concreto podemos destacar algunhas das medidas mais relevantes implementadas nos últimos anos na área de inclusión social:

- Aprobación do Plan de atención ás persoas sen fogar 2019-2023, dotado de 73 millóns de euros;



- Entrada en vigor en 2019 do decreto de desenvolvemento da Lei de Inclusión Social de Galicia no relativo á tramitación da Renda de inclusión social de Galicia (RISGA) e das Axudas de inclusión social (AIS);
- Consolidación do programa Con Teito de loita contra os desafiuzamentos, despois de que en 2017 ampliara as súas oficinas ás 7 cidades galegas;
- Reforzo das liñas de colaboración co resto de axentes do Sistema Galego de Servizos Sociais:
 - ◆ As achegas aos concellos para desenvolver programas de inclusión e financiar aos profesionais dos servizos sociais comunitarios incrementáronse nun 20% dende 2018 no seu conxunto, ata acadar mais de 18 M para 2023;
 - ◆ E as entidades de iniciativa social incrementarán en 2023 os recursos dos que disporán para executar programas de inclusión social nun 111% con respecto á contía coa que contaban en 2018 (25 millóns en 2023 fronte a preto de 12 en 2018).

Tamén cómpre destacar as medidas extraordinarias que se puxeron en marcha para paliar os efectos da crise socioeconómica que supuxo a pandemia de COVID-19. Desde os primeiros compases da pandemia, a Xunta actuou poñendo en marcha un Plan social de continxencia que, entre outras medidas axilizou e flexibilizou o acceso á Risga; e concedéronse máis de 60.000 axudas a familias que eran beneficiarias dunha bolsa de comedor escolar.

Unha vez superado ese primeiro escollo, a Xunta lanzou un completo Plan de recuperación social, dos que se poden destacar medidas como:

- O incremento nun 50% a partida orzamentaria das axudas de inclusión social;





- A posta en marcha de liñas extraordinarias de financiamento para atender a persoas sen fogar ou vulnerables a través dos concellos e das entidades sociais, ás que se adicaron 3,7 millóns de euros.
- E o lanzamento da Tarxeta Básica, unha axuda económica pioneira que a Xunta puxo en marcha en xuño de 2020 como unha medida temporal para un momento en que había moitas restricións por mor da pandemia da covid-19 que limitaban a mobilidade e as posibilidades de moita xente de traballar. A súa vixencia estendeuse ata os dous anos, nos cales se realizou un investimento récord de 42 millóns de euros.

Para axudar ás persoas que máis o necesitan, neste ano 2023 destinaremos máis fondos que nunca. Un incremento que permitirá reforzar as medidas das que dispón a Xunta para apoiar ás familias galegas máis vulnerables, axustando as contías destas achegas ao contexto inflacionista do conxunto do Estado:

- Bono Social Térmico, que no 2023 incrementará a axuda autonómica que o complementa nun 50%, pasando de 100 a 150 euros por persoa, e que así mesmo incrementará o número de beneficiarios ata superar as 74.000 familias.
- As axudas de inclusión social (AIS), que permiten atender situacións de emerxencia e que o pasado ano chegaron a 3.000 persoas, verán incrementada a súa contía nun 8% e ademais contaremos cun 25% de orzamento mais para financiarlas, ata acadar os 5M€.
- O complemento de pensións non contributivas, para o que o Goberno galego destinará no 2023 unha partida de 8M€.
- A Risga, incrementará ás contías do tramo persoal e familiar nun 8% en 2023.
- O programa ConTeito, que seguimos reforzando contra os desafiuzamentos nas sete cidades. En 2023 destinaremos 700.000€ a esta medida.



Ademais continúan reforzándose as liñas de colaboración coas entidades de iniciativa social, ás que destinaremos 16,6M€ en 2023 a través das liñas de axudas para entidades e das axudas con cargo á casilla social do IRPF.

Tamén seguimos traballando da man dos concellos, aos que destinaremos 18,2M€ a través da liña específica de axudas e das achegas do Plan concertado.

No relativo ás persoas sen fogar, Galicia dispón dun plan de atención ás persoas sen fogar, con medidas que se están a desenvolver, e destinamos 2,5 millóns anuais a programas dirixidos ás persoas sen fogar, que ademais se benefician do resto de recursos e prestacións públicas. Ademais, contamos con 90 centros de atención a este colectivo, 17 máis dos que había no ano 2018, de acordo cos datos da Enquisa de centros de atención a persoas sen fogar do INE, publicada en 2021.

É destacable tamén o desenvolvemento dun proxecto específico de loita contra a pobreza infantil, realizado en coordinación co Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e que permitirá beneficiar a 1.700 familias galegas, cun investimento de mais de 10 M€”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50982
Data envío: 06/03/2023 14:26:24.267

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/03/2023 13:26:20

CSV: BOPGDSPG-ek0gOOjH-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 48663**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"a creación en Betanzos dun centro de día público"** (publicada no BOPG número 451 do 9 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

"O Diario Oficial de Galicia de 7 de marzo de 2022 publicou a resolución pola que se lle da publicidade ao acordo asinado entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a FEGAMP para o desenvolvemento dun plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais, financiado con fondos europeos do MRR.

O prazo establecido para presentar as solicitudes por parte dos concellos remataba o 22 de abril de 2022. O concello de Betanzos presentou unha solicitude dentro do prazo establecido, para a construción dun centro de día de titularidade municipal.

Conforme ao establecido no acordo asinado, está constituída unha comisión mixta entre o Consorcio e a Fegamp para a selección dos proxectos presentados. Tendo en conta o número de concellos que concorreron á convocatoria, a comisión mixta está requirindo mais documentación aos concellos para avaliar as propostas conforme aos criterios establecidos no propio acordo, que son os seguintes:



1.- Concellos de menos de 20.000 habitantes entre os que terán prioridade os de menor poboación.

2.- Concellos que carezan doutros recursos das mesmas categorías.

3.- Viabilidade técnica e económica para a posta en funcionamento dos centros.

Ata que rematen os traballos da comisión mixta, non se pode facer unha valoración concreta do proxecto presentado polo concello de Betanzos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 50872
Data envío: 02/03/2023 19:48:05.488

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2023 18:47:55

CSV: BOPGDSPG-ek0gOOjH-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 50147**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a decisión de eliminar a oficina da entidade Augas de Galicia de Ourense"** (publicada no BOPG número 459 do 23 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O control das obras e infraestruturas que Augas de Galicia realizaba na oficina de Ourense para os concellos desta provincia pasará a realizarse desde servizos centrais, do mesmo xeito que para o resto das provincias.

A pesar de que a Xunta amósase sempre disposta a apoiar técnica e economicamente a todos os concellos na prestación dos servizos relacionados coa xestión integral da auga, hai que salientar que a provincia de Ourense entra dentro das competencias do Goberno central a través da Confederación hidrográfica Miño-Sil".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2023 11:52:15
Nº Rexistro: 51173
Data envío: 09/03/2023 11:52:15.484

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/03/2023 10:52:03

CSV: BOPGDSPG-ek0gOOjH-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Propuesta de REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO por el que se modifica el Reglamento (UE) 2019/1242 en lo que respecta al refuerzo de las normas de comportamiento en materia de emisiones de CO2 para vehículos pesados nuevos y a la integración de las obligaciones de comunicación, y se deroga el Reglamento (UE) 2018/956 (Texto pertinente a efectos del EEE) [COM (2023) 88 final] [COM (2023) 88 final anexos] [2023/0042 (COD)] {SEC (2023) 100 final} {SWD (2023) 88 final} {SWD (2023) 89 final}

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.

Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 8/1994, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.


Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informo de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: cmue@congreso.es

SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA





COMISIÓN
EUROPEA



Estrasburgo, 14.2.2023
COM(2023) 88 final

2023/0042 (COD)

Propuesta de

REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO

por el que se modifica el Reglamento (UE) 2019/1242 en lo que respecta al refuerzo de las normas de comportamiento en materia de emisiones de CO₂ para vehículos pesados nuevos y a la integración de las obligaciones de comunicación, y se deroga el Reglamento (UE) 2018/956

(Texto pertinente a efectos del EEE)

{SEC(2023) 100 final} - {SWD(2023) 88 final} - {SWD(2023) 89 final}



Estrasburgo, 14.2.2023
COM(2023) 88 final

2023/0042 (COD)

Propuesta de

REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO

por el que se modifica el Reglamento (UE) 2019/1242 en lo que respecta al refuerzo de las normas de comportamiento en materia de emisiones de CO₂ para vehículos pesados nuevos y a la integración de las obligaciones de comunicación, y se deroga el Reglamento (UE) 2018/956

(Texto pertinente a efectos del EEE)

{SEC(2023) 100 final} - {SWD(2023) 88 final} - {SWD(2023) 89 final}



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. CONTEXTO DE LA PROPUESTA

• Razones y objetivos de la propuesta

Como uno de los elementos clave del [Pacto Verde Europeo](#), que establece el compromiso de la Comisión de abordar los retos relacionados con el clima y el medio ambiente, la [Ley Europea del Clima](#) consagra en la legislación el compromiso de la UE de alcanzar el objetivo de neutralidad climática de aquí a 2050, y aumentar la ambición intermedia estableciendo el objetivo de una reducción neta de las emisiones de al menos un 55 % de aquí a 2030 en comparación con 1990. Esto está en consonancia con el compromiso de la UE con la acción mundial por el clima en el marco del Acuerdo de París. La crisis vinculada a la invasión de Ucrania por parte de Rusia refuerza aún más la necesidad de reducir la dependencia de la UE de los combustibles fósiles, como se destaca en el [plan REPowerEU](#), que establece medidas para ahorrar energía, diversificar el suministro, sustituir los combustibles fósiles y llevar a cabo inversiones y reformas inteligentes en todos los sectores económicos.

El transporte por carretera, en particular, es responsable de una quinta parte de las emisiones totales de gases de efecto invernadero en la UE, y estas emisiones muestran una tendencia al alza. Los argumentos para avanzar hacia una [movilidad sin emisiones](#) se hacen aún más sólidos y claros con vistas a reducir lo antes posible la dependencia energética de la UE, teniendo en cuenta que el transporte por carretera también es responsable de un tercio de toda la energía final consumida en la UE. A este respecto, el plan REPowerEU subraya la necesidad de mejorar el ahorro de energía y la eficiencia energética en el sector del transporte y de acelerar la transición hacia vehículos de emisión cero, combinando la electrificación y el hidrógeno no fósil para sustituir a los combustibles fósiles.

Con el fin de cumplir estos objetivos climáticos reforzados, en julio de 2021 la Comisión adoptó un [paquete global de propuestas políticas coherentes](#) como parte del [paquete de medidas «Objetivo 55»](#).

El transporte también es responsable de más de dos tercios de todas las emisiones de NO_x y representa una proporción significativa (alrededor del 10 % o más) de las emisiones totales de otros contaminantes. El transporte por carretera, en particular, sigue representando una proporción significativa de las emisiones de todos los principales contaminantes atmosféricos (con excepción de los SO_x).

Sin medidas adicionales, este sector no aportará una contribución suficiente a los objetivos climáticos y de contaminación cero para 2030 y 2050, ni a la reducción de la dependencia energética de la UE. Las opciones políticas que sustentan el Plan del Objetivo Climático y el paquete de medidas «Objetivo 55» muestran que será necesario aumentar la ambición para reducir las emisiones de CO₂ de los vehículos pesados, junto con políticas para mejorar los sistemas de transporte de mercancías, incluida una transferencia modal.

El sector de los vehículos pesados es responsable de más de una cuarta parte de las emisiones de GEI del transporte por carretera en la UE y de más del 6 % del total de las emisiones de GEI de la UE. En 2019, las emisiones de GEI de los vehículos pesados fueron un 44 % y un 37 % superiores a las emisiones del total del transporte aéreo y marítimo, respectivamente.

